



**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 9 DE SETEMBRO DE 2010, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE DODRO – LAÍÑO II, NO CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL. (CLAVE: 2007/0268).**

**ANTECEDENTES**

Por solicitude dos veciños das parroquias de San Xián de Laiño e Santa María de Dodro (Dodro, A Coruña), a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (actualmente Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural) iniciou un proceso de concentración parcelaria nas devanditas parroquias que afecta a unha superficie total dunhas 457 ha.

A zona de concentración limita:

- **Norte:** Parroquias de Buxán, Rois e Oín (Concello de Rois) e parroquia de Padrón (Concello de Padrón).
- **Sur:** Tralo río Ulla, parroquias de Campaña e Louro (Concello de Valga, Pontevedra).
- **Leste:** Tralo río Sar atópase a parroquia de Iria Flavia (Concello de Padrón).
- **Oeste:** San Xoán de Laiño (Concello de Dodro).

O proxecto está incluído no grupo 1.a (proxectos de concentración parcelaria agás os incluídos no anexo I) do anexo II do Real Decreto Legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, que establece, no seu artigo 3.2, que os proxectos comprendidos no citado anexo II só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, téndose que axustar a dita decisión aos criterios que figuran no seu anexo III. O proxecto cualificouse como sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental en base aos seguintes criterios:

- o A superficie da zona obxecto de concentración ten certa entidade.
- o Na zona a concentrar existen pequenas masas de vexetación autóctona (principalmente carballeiras) e bandas de vexetación de ribeira asociadas aos cursos fluviais que discorren pola zona. Así mesmo, detectouse a presenza de hábitats naturais de interese comunitario.
- o A zona de actuación atópase próxima ao LIC "Sistema fluvial Ulla-Deza" e ao humidal "Esteiro do Ulla", incluído no Inventario Galego de Humidais.
- o Como consecuencia da execución da rede de camiños e da reordenación de parcelas poderán producirse alteracións na rede natural de drenaxe natural e episodios erosivos que afecten aos solos da zona e provoquen un arrastre de partículas que afecte, por incorporación de sólidos, á calidade das augas dos cursos fluviais que discorren pola zona de concentración, entre os que se atopan os regos de Vigo e Manselle. A rede fluvial da zona pertence á cunca do río Ulla, con categoría de LIC conforme o sinalado no punto anterior.
- o Posible afección a elementos do patrimonio cultural, tanto arqueolóxicos como etnográficos.

No **Anexo I** da presente Declaración inclúese un resumo da actuación e das características da zona de concentración e no **Anexo II** un croquis da zona a concentrar.

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 20 SET. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



En cumprimento do establecido regulamentariamente, con data 25 de xuño de 2008 publícase no DOG (nº 122) a Resolución do 28 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria da zona de Dodro – Laíño II (Dodro, A Coruña), non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data 30 de xuño de 2010 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural como órgano substantivo por razón da materia, no que se inclúen o certificado de exposición pública e os seguintes informes dos distintos organismos consultados:

ORGANISMO CONSULTADO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Dirección Xeral de Montes	X	
Dirección Xeral de Conservación da Natureza	X	
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural	X	
Augas de Galicia	X	
Concello de Dodro		X

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle atribúe o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, formula, aos sóos efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) da concentración parcelaria da zona de Dodro-Laíño II, no concello de Dodro (A Coruña), promovida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

**DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL**

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da referida zona é ambientalmente viable sempre que se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, sen prexuízo do cumprimento doutras normas vixentes que poidan impedir ou condicionar a súa realización. No caso de que exista contradición entre o indicado no estudo e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento do estipulado nesta DIA, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sóos efectos ambientais, condicións adicionais ás establecidas neste documento.

Estas condicións poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección ao medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins da DIA. Neste caso o promotor propondrá ao órgano ambiental novas medidas ou condicións, entregándolle para iso unha solicitude de modificación das condicións establecidas na DIA e/ou no estudo, achegando tamén toda a información necesaria que xustifique a dificultade de cumprir coas condicións aprobadas nesta Declaración e que a relación das novas medidas propostas cumpran cos obxectivos e fins da Declaración. As obras non poderán comezar ata que se reciba unha comunicación desta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Así mesmo, tal e como se recolle nesta Declaración, elaboraranse os seguintes estudos que darán control do cumprimento da mesma:

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

Asdo.: *Alberto Rodríguez Garrido*



- o Programa de Vixilancia Ambiental, que se desenvolverá nas fases de formulación, execución e explotación.
- o Proxecto de Integración Paisaxística.
- o Proxecto arqueolóxico das obras a realizar (Avaliación de Impacto Cultural).

Para todo o contido nesta Declaración entenderase por:

- o Fase de formulación, a realización dos seguintes documentos:
  - Con respecto á distribución das parcelas: o Proxecto e o Acordo de concentración parcelaria.
  - Con respecto á execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes á Concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e Outros Proxectos de Obras Complementarias (se os houberse).
- o Fase de Execución:
  - Replanteo de novas fincas e colocación de marcos.
  - Construción de camiños e obras inherentes á concentración.
  - Construción de obras complementarias.
- o Fase de Explotación:
  - Execución do acordo: toma de posesión das novas fincas.
  - Uso da rede viaria e obras inherentes á concentración parcelaria.
  - Uso das obras complementarias.

As obras inherentes e complementarias son aquelas descritas como tales no *Título VI: Obras e Melloras Territoriais* da Lei 10/1985, de Concentración Parcelaria de Galicia, modificada por Lei 12/2001 (en adiante Lei de Concentración Parcelaria).

### 1.- ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración de Impacto Ambiental refírese ao proceso de concentración parcelaria (contemplando o Proxecto de Rede de Camiños, Proxecto e Acordo de Concentración Parcelaria e Proxecto de Acondicionamento das Novas Fincas Resultantes) a desenvolver nas parroquias de San Xián de Laiño e Santa María de Dodro (Dodro, A Coruña), tal e como se describe no estudo de impacto ambiental.

A zona de concentración está delimitada no plano nº 10 "Definición de subperímetros e exclusións" do estudo de impacto, e abrangue unha superficie dunhas 457 hectáreas.

### 2.- PROTECCIÓN DA ATMÓSFERA

Cumprírase co disposto, na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello de Dodro ao respecto.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 20 de OCT 2010

Asda.: Alberto Rodríguez Garrido



### 3.- PROTECCIÓN DO SOLO

#### 3.1.- Fase de formulación

##### 3.1.1. Movementos de terras.

Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, tanto se é para reempregar posteriormente como se é para o seu depósito definitivo. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ociosos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no entorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificadas no estudo ambiental, nin nas sinaladas nos informes de Augas de Galicia e das Direccións Xerais de Conservación da Natureza e de Patrimonio Cultural, en particular:

- Lugar de Impórtancia Comunitaria "Sistema fluvial Ulla-Deza" e humidal "Esteiro do Ulla", próximos ao límite sur da zona de concentración.
- Uceiras secas europeas. Código 4030.
- Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*. Código 8230.
- Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion-incanae*, *Salicion albae*). Código 91E0\*. (Hábitat Prioritario), en especial nas marxes dos regos de Manselle e Vigo.
- Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*. Código 9230.
- Esteiros. Código 1130.
- Chairas lamacentas ou areosas que non están cubertas de auga cando hai marea baixa. Código 1140.
- Pasteiros salinos atlánticos (*Glauco-Puccinellietalia maritima*). Código 1330.
- Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e *Callistricho-Batrachion*. Código 3260.
- Prados con molinia sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limonicos (*Molinion caeruleae*). Código 6410.
- Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino. Código 6430.
- Prados pobres de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
- Código 6510.
- Ámbito do dominio público hidráulico, incluíndo zonas de servidume e policía de leitos.
- Elementos do patrimonio cultural, incluíndo os seus ámbitos de protección.

Se houber sobrantes procedentes de movementos de terras, previamente ao seu depósito nos lugares seleccionados deberase contar cos correspondentes permisos.

En todo caso e como criterio xeral, primárase sempre o reemprego dos sobrantes de terra.

##### 3.1.2. Rede de camiños.

O deseño da rede de camiños de concentración deberá ter en conta os criterios indicados no estudo ambiental, así como o condicionado establecido ao longo desta Declaración (respectando especialmente as áreas de interese sinaladas no punto 3.1.1) e as seguintes medidas que matizan ou amplían as anteriores:

- o Aproveitarase ao máximo posible a traza dos camiños existentes, ben sexan forestais ou convencionais, minimizando a execución de novos accesos as parcelas. Evitaranse longos tramos de trazado rectilíneo, sendo preferible que a traza se adapte ao relevo natural co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da infraestrutura e evitar a erosión. O modelado dos noiros resultantes, se é o caso, evitará formas demasiado artificiais. Estes noiros deberán estar protexidos contra fenómenos erosivos.



- o Como norma xeral, os camiños non superarán unha anchura total, incluíndo cuneta e beiravía, de 6 metros para os de acceso agrícola e de 8 metros naqueles que comuniquen parroquias ou núcleos entre si. En zonas de monte, a anchura das pistas será a necesaria para o mantemento dun uso forestal, sendo preferible que sexa a mínima que permita a manobra da maquinaria, creando cada certa distancia sobreeanchos a modo de apartadoiros que permitan o xiro dos vehículos e a acumulación da madeira de corta ata o seu transporte. Minimizarase o número de ramais cegos.

### 3.2.- Fase de obras

#### **3.2.1. Materiais de préstamo e canteiras.**

No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Así mesmo, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para as bases ou subbases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes deberán ser restaurados ao remate da obra.

No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada previamente á execución das obras, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.

No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

#### **3.2.2. Emprego de formigón.**

De ser preciso o emprego de formigón, evitarase a súa elaboración na propia obra, adquiríndoo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

#### **3.2.3. Parque de maquinaria.**

A zona ou zonas destinadas a parque de maquinaria, casetas de obra, amoreamentos de materiais, almacenamento de residuos, etc, situarase nun emprazamento de baixo valor ambiental, escasa pendente a afastado de cursos de auga ou xacementos arqueolóxicos, cuidando así mesmo que non se sitúe excesivamente próximo a núcleos de poboación, para minimizar posibles molestias por ruidos e tráfico de maquinaria.

#### **3.2.4. Xestión da maquinaria.**

Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados sempre que sexa posible, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), as tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo dos medios necesarios para a recollida de posibles verteduras.

### 4.- PROTECCIÓN DAS AUGAS E DOS ELEMENTOS ASOCIADOS

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na súa zona de servidume e policía, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisará da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, neste caso Augas de Galicia.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

Santiago, 20 SET / 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



Neste sentido, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril, e posteriores modificacións), así como na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, o proxecto deberá axustarse ás prescricións establecidas no Plano Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC).

2. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopan na zona afectada pola concentración parcelaria.

Así mesmo, respectaranse os mananciais que existan na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso se resultase necesario para a execución das obras. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

3. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, humidais, zonas hidromorfas ou con vexetación de interese, adoptando todas as medidas necesarias para a súa preservación, entre as que se atopan as seguintes sen detrimento das que figuran no estudo de impacto ambiental:

- o Prestarase especial atención ao balizamento das ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.
- o Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de escorregamentos, chuvias ou enchentes.
- o Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.
- o Co obxecto de previr fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmorte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras. Así mesmo, no modelado dos noiros evitaranse as formas demasiado artificiais, procurando que o cambio de pendentes sexa gradual, para favorecer así a integración coa paisaxe.
- o Nos parques de maquinaria relizaranse pequenas obras de contención hidráulica (canles, gabias ou muretes de terra) que impidan que as augas procedentes do exterior penetren neles e que as augas procedentes do parque poidan difundirse libremente no medio. Estas zonas deberán ser rehabilitadas unha vez remate o proceso de concentración.
- o A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que co motivo das obras non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga.

A este respecto, estarase ao disposto na Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial e no Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais. Así mesmo, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas, tendo en conta o sinalado no punto 10.1.2 desta DIA.

- o Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que na rede viaria deberán dispoñerse as estruturas de drenaxe necesarias para elo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

Santiago,

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



precipitación. Á saída dos pasos de auga colocaranse dispositivos protectores ou de disipación de enerxía para evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas de drenaxe cara aos cursos naturais.

Neste sentido, durante as fases de obras e de explotación levarase a cabo un seguimento hidrolóxico que permita controlar o correcto funcionamento da rede de drenaxes dos camiños de concentración e dos dispositivos de disipación de enerxía instalados, así como a comprobación das condicións de incorporación das augas de drenaxe cara á rede natural, co obxecto de adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos erosivos, arrastres, asolagamentos ou outros.

- o No caso de que finalmente sexa imprescindible o cruzamento de cursos fluviais, teranse en conta así mesmo as seguintes medidas:
  - Nos traballos que se realicen no leito do río deberase illar a zona de obras deixando sempre unha canle de auga circulante.
  - Evitarase a intervención simultánea sobre varios cursos na mesma bacía, procurando graduar os traballos para evitar a acumulación de sólidos en suspensión no leito principal.
  - Alterarase o mínimo posible a morfoloxía do leito fluvial, polo que se empregarán pontes sempre que sexa posible, procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 5 m a cada lado do mesmo, sen impedir o tránsito de fauna e persoas polas súas ribeiras, lembrando en todo caso as limitacións e prescricións establecidas ao respecto na lexislación de augas e no PHGC. No seu defecto, utilizaranse obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os leitos no seu estado natural. No caso de empregar estes últimos tipos de estruturas, a parte inferior deberá quedar polo menos 40 cm por debaixo de leito do río e a súa pendente non superará o 1% (sempre que as características do terreo o permitan), debendo evitarse á saída do marco ou tubo un salto que provoque o socavamento do leito fluvial augas abaixo e/ou impida o remonte das especies piscícolas migratorias. En calquera caso, o deseño que se adopte deberá permitir o paso da fauna ictícola en datas de escaso caudal.
  - Evitarase a creación de obstáculos ao movemento da fauna acuática e terrestre.
  - Reducirase ao mínimo posible o aporte de finos aos leitos debido aos movementos de terras, seleccionando as épocas menos chuviosas para executar estas obras.
  - Nas zonas de obra próximas a cursos de auga nas que sexa preciso o emprego de formigón ou cemento habilitaranse balsas de decantación para evitar calquera vertedura destes materiais, mesturados ou non con auga.

## 5.- XESTIÓN DE RESIDUOS

1. Todos os residuos que se xeren deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe ou emprego fronte á vertedura. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo ou produto perigoso deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a un xestor autorizado. No caso de conter produto, xestionaranse de acordo coa lexislación vixente.

2. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a valoración, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso deberá contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo procederase a súa trituración, espaxamento homoxéneo e incorporación aos solos mediante pase de grada ou fresa, diminuíndo así o risco de incendios forestais e evitando a aparición de pragas ou enfermidades.



## 6.- PROTECCIÓN DA FAUNA, VEXETACIÓN E HÁBITATS

### 6.1.- Fase de formulación

#### 6.1.1. Áreas con valores naturais.

Serán obxecto de especial atención no tocante a súa preservación e adopción de todas as medidas protectoras e correctoras necesarias, así como obxecto dun intenso seguimento e vixilancia ambiental, os elementos e áreas sensibles sinalados no punto 3.1.1 da DIA, que deberán ser balizados ou sinalizados durante o replanteo da obra. Así mesmo, no caso de detectar algún valor natural non considerado ata o momento (para o cal se efectuarán as prospeccións previas que resulten oportunas), procederase a súa delimitación e á adopción das medidas precisas para garantir a súa preservación, comunicando o achádego ao correspondente Servizo Territorial de Conservación da Natureza. Terase en conta que non se poderá afectar a formacións distintas ás descritas no estudo de impacto ambiental sen antes facer a correspondente consulta.

Ademais do anterior, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar o máximo posible:

- o O contorno dos cursos fluviais e a súa vexetación de ribeira (nunha banda de 10 m como mínimo a cada lado do leito, desde a liña de máxima enchente) aínda que non constitúa o hábitat 91E0\* ao que se fai referencia no punto 3.1.1.
- o As árbores e rodais singulares, as sebes, os lindeiros arborados e arbustivos de límite entre parcelas, os corredores ecolóxicos e ecotonos, as especies vexetais e faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas (atendendo especialmente ás que estean incluídas nos Catálogos nacional e galego de especies ameazadas), os valados de pedra, a paisaxe agrícola tradicional galega e, de non estar contempladas entre as anteriores, calquera outra área ou zona identificada como de interese ambiental no estudo de impacto ambiental (entre outros, nos planos nº 07 e 09).

Ao longo de todo o proceso de concentración, pero especialmente no deseño final da rede viaria e na configuración dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das recollidas no estudo de impacto ambiental e as establecidas nesta DIA, co fin de evitar ou minimizar a afección aos citados elementos.

Terase en conta tamén a presenza de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calquera outra infraestrutura ou instalación para o tempo de lecer. Calquera modificación destes elementos requirirá autorización do concello e do órgano competente da administración autonómica. Esta afección deberá estar recollida nos proxectos que se realicen na zona, de non ser así, estarase ao establecido no apartado 9.2.3 desta Declaración.

#### 6.1.2. Pasos canadenses.

No caso de que nalgún dos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, podendo consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou cos dous laterais abertos.

### 6.2.- Fase de obras

#### 6.2.1. Xestión e protección da vexetación.

1. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.





2. En relación coa preservación do arboredo, estarase ao indicado no estudo ambiental e o establecido nesta DIA. Non obstante, para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación. Así mesmo, previamente á corta de arboredo terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto na lexislación forestal e demais normativa de aplicación.

#### 6.2.2. Protección da fauna acuática.

Extremaranse as precaucións na execución de obras nas zonas de potencial afección á rede hidrolóxica (sexan directas ou indirectas, por cruzamento de pistas ou por movementos de terras nas proximidades dos leitos) de xeito que se evite calquera efecto negativo sobre a rede fluvial, dado que a zona de actuación limita polo sur co espazo natural protexido "Sistema fluvial Ulla-Deza", que ostenta as categorías de LIC e ZEPVN. Este tramo de río tamén conforma o humidal "Esteiro do Ulla", recollido no Inventario Galego de Humedais.

Esta medida reviste importancia para a conservación dunha serie de especies ligadas ao medio fluvial ou masas de auga e catalogadas como vulnerables no Catálogo galego de especies ameazadas, e que están presentes na zona segundo informa a Dirección Xeral de Conservación da Natureza: *Rana iberica* (Ra patilonga), *Discoglossus galganoi* (Sapiño pintoxo), *Hyla arborea* (Rela), *Lissotriton boscai* (Pintafontes común), *Salamandra salamandra* (Pintega), *Chioglossa lusitanica* (Saramaganta), *Alosa alosa* (Sábalo), *Petromyzon marinus* (Lamprea), *Rhinechis scalaris* (Cobra de escada), *Natrix maura* (Cobra viperina), *Natrix natrix* (Cobra de collar), *Anguis fragilis* (Escáncer común) e *Lacerta lepida* (Lagarto arnal); así como da Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*), catalogada como "en perigo de extinción" nese mesmo catálogo.

#### 6.2.3. Protección da avifauna.

Previamente aos labores de corta de arboredo ou de roza verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés e ámbitos implicados. No caso de detectarse a nidificación, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor.

En especial, atenderase á nidificación de aves rapaces (na zona detectáronse varias especies que aniñan en árbores; Miñato *Buteo buteo*, Gabián *Accipiter nisus*, Falcón pequeno *Falco subbuteo*) e calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

#### 6.2.4. Afloramentos rochosos.

Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

#### 6.2.5. Época das obras.

Evitarase que as obras coincidan coas épocas de maior afección ao ciclo vital das especies sensibles presentes na zona de concentración. O calendario de obras deberá elaborarse tendo en conta os devanditos períodos.

### 7.- PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

1. Tanto o estudo de impacto sobre o patrimonio cultural e o seu plano anexo como o plano nº 10 "Definición de subperímetros e exclusións" incluído no estudo de impacto ambiental deberán ser completados coa inclusión de todos os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de afección do proxecto, debendo reflectirse as áreas de protección integral e áreas de protección de todos os elementos xa detectados, así como dos seguintes:

- Elementos incluídos no catálogo das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal:

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

Santiago,

20 SET. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



- Casa de Cadavid en Lestrove, Dodro. (527394; 4731604).
  - Casa do Pichón en Lestrove, Dodro. (527116; 4731393).
- Os seguintes elementos que, sen estar incluídos nas NNSS, acadan interese e son susceptibles de protección:
    - Cruceiro de Trasdopazo en Lestrove, Dodro. (527251; 4731399).
    - Cruceiro do Laranxo na Igrexa, Dodro. (525987; 4729946).
    - Cruceiro do Soutiño en Lestrove, Dodro. (527057; 4731214).
    - Casa Tras da Pousa. Laiño (San Xián). (525143; 4731766).
    - Casal na Balada en Traxeito. Laiño (San Xián). (524992; 4732483).
    - Aldea de Pexegueiro. Laiño (San Xián). (524132; 4732880).
    - Aldea de Traxeito. Laiño (San Xián). (524856; 4732484).
    - Fonte de Pexegueiro. Laiño (San Xián). (524206; 4733045).
    - Fonte en Manselle. Laiño (San Xián). (523240; 4731081).
    - Fonte en Rialíño. Laiño (San Xián). (525044; 4731659).
    - Pombal no Outeiriño de Manselle. Laiño (San Xián). (523246; 4731143).
    - Ponte no Portanchiño en Traxeito. Laiño (San Xián). (524653; 4732392).
    - Muíños no Portanchiño en Traxeito. Laiño (San Xián). (524645; 4732398).
    - Muíño na Revolta en Paizal. Laiño (San Xián). (524743; 4732169).
    - Muíño de Rialíño. Laiño (San Xián). (525087; 4731675).
    - Muíño de vento da Eira. Laiño (San Xián). (523705; 4730607).
    - Muíño na Fonte da Vella en Paizal. Laiño (San Xián). (524867; 4731967).
  - Petroglifo de A Cabana/Bouza Nova (GA15033017), que ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), polo que gozará da máxima protección e tutela, debéndose avaliar o impacto que sobre este elemento podería ocasionar o proceso de concentración parcelaria.
  - No Arquivo de xacementos arqueolóxicos de Galicia inclúense unha serie de fichas de referencias á existencia de depósitos arqueolóxicos, topónimos e achádegos que non están recollidas na avaliación de impacto arqueolóxico, e que polo tanto deberán ser incluídos no catálogo do estudo de impacto ambiental, téndose que adoptar as medidas de cautela necesarias ao obxecto de non danar os posibles elementos localizados nestas zonas. No catálogo do estudo ambiental deberán incluírse aqueles xacementos arqueolóxicos incluídos no Arquivo de xacementos que estean localizados nas zonas limítrofes á zona de afección.

2. Ademais do anterior, e de cara a unha correcta conservación e protección do patrimonio cultural, establécense as seguintes medidas:

- a) Non se poderán executar pistas de novo trazado nas áreas de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.
- b) A realización de pistas de novo trazado e a ampliación das existentes na área de protección dos elementos do patrimonio cultural terá carácter excepcional e, en todo caso, requirirá a elaboración dun estudo de detalle do contorno do elemento afectado, considerando este contorno como as áreas de protección fixadas no artigo 30 das NNCCSS de planeamento. Este documento deberá incluír:
  - Descrición dos camiños existentes na zona, con indicación das súas características, ancho de ocupación e capa de rodadura.
  - Reportaxe fotográfica dos mesmos.
  - Identificación, nunha planimetría de detalle, de cada un dos camiños existentes, así como das pistas que se pretenden executar nese ámbito.
  - Distancias entre cada unha das obras proxectadas e os bens do patrimonio cultural afectados por estas.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 20 SET. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



- A rede de camiños deberá proxectarse aproveitando ao máximo os camiños existentes, evitando a apertura de novas pistas. De proxectarse camiños de nova traza nestas zonas, deberá xustificarse a necesidade da súa implantación.
- c) Respecto da delimitación da área de protección integral do xacemento arqueolóxico denominado "San Martiño" (GA32089011), é necesario que se defina e xustifique cal é o ámbito de protección integral deste elemento. No seu caso, deberase avaliar o impacto que ocasionaría a rede viaria proxectada sobre o dito elemento, propoñéndose as correspondentes medidas preventivas e correctoras.
- d) Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto que non estean previstas na documentación avaliada (parque de maquinaria, instalación de casetas, acopios de terras e materiais, etc.).
- e) No deseño dos proxectos de rede viaria, de concentración parcelaria e de acondicionamento de fincas deberán terse en conta, procurando a adopción das medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.
- f) Elementos etnográficos como fontes, lavadoiros, cruceiros, pasadoiros, pozos, muiños, etc, deberán quedar en masas comúns.
- g) En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases da obra, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección. Terase en conta que na fase de replanteo se revisarán os impactos e se valorará a aplicación das correspondentes medidas correctoras.
- h) Os traballos arqueolóxicos levaranse a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

## 8.- INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

### *8.1. Proxecto de integración paisaxística.*

Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ao proceso de concentración parcelaria no que se desenvolvan e se presuposten detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística necesarios para maximizar a integración ambiental das actuacións. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística, e terase en conta o seguinte:

- En canto ás especies a empregar:
  - Serán autóctonas, tendo sempre presente para a súa implantación as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar e que procedan (sexan árbores ou arbustos, matas e/ou herbáceas) da mesma zona ou similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos, e tendo en conta o disposto na Orde de 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se aproba a delimitación e determinación dos materiais de base para a produción de materiais forestais de diversas especies no territorio da comunidade autónoma de Galicia.
  - Deben ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, localización ou estación vai estar definido pola interdependencia ou interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna e flora, ciclos de nutrimento, etc.), e factores bióticos.



- o Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia intra e interespecifica entre as especies que se implanten deben permitir e posibilitar o éxito da restauración, adoptándose ademais, para acadar este obxectivo, os tratamentos que sexan precisos (clareos, rozas, etc.).
- No caso de que fora precisa a eliminación dalgún pé de especies arbóreas autóctonas procurarase que sexan replantadas na media do posible, empregándoas na restauración. De todos modos recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi enfermos.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.
- Previamente á execución das obras retirase e acumularase a capa superior de terra vexetal (15-30 cm) para o seu posterior emprego nos labores de restauración. Estes acopios realizaranse ao longo da traza dos camiños en montóns de altura non superior a 1,5 metros, para facilitar a súa aireación.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal para os labores de restauración, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas.
- Previamente á revexetación efectuarase un acondicionamento do terreo, procedendo a súa descompactación e laboreo superficial, retirando o exceso de pedregosidade e estendendo a terra vexetal previamente amoreada.
- Os labores de restauración desenvolveranse paralelamente ao avance da obra sempre que sexa posible, co fin de lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixilarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

## 8.2. Deseño do novo parcelario.

No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental como lindes arborados, valados de pedra, sebes, etc. Para isto procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos.

## 9.- OUTRAS CONDICIÓNIS

### 9.1.- Fase de formulación

#### 9.1.1. Medidas para a redución de impactos.

Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións, construcións diversas ou peches, as cortas indiscriminadas de vexetación, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos, as roturacións de terras, etc., motivados pola incerteza dos propietarios sobre a futura titularidade das parcelas.

Neste sentido, daráselles información aos propietarios e notificaráselle por escrito a Xunta Local da Zona da obriga legal de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas, así como a existencia doutras limitacións ou obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, de protección, conservación e mellora dos ríos galegos, de prevención e defensa contra os incendios forestais, conservación da superficie agraria e, en xeral, calquera outra lexislación que afecte ao uso e aproveitamento da terra.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

Asda.: Alberto Rodríguez Gorrido



### 9.1.2. Terreos forestais e montes veciñais.

1. Dado que unha fracción moi importante da superficie obxecto de concentración ten a condición de terreo de uso forestal, ademais de cumprir en todo momento coa normativa vixente en materia forestal -en sentido amplo-, teranse en conta as seguintes medidas:

- As repoboacións forestais que se efectúen (tanto se se levan a cabo como traballos complementarios á concentración parcelaria como se é posteriormente na fase de explotación das novas) deberán axustarse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, debendo contar, en todo caso, co informe favorable da Dirección Xeral de Montes. Nestas repoboacións procurarase evitar a continuidade de masas monoespecíficas de eucalipto ou piñeiro intercalando masas de frondosas e faixas cortalumes para impedir unha doada propagación de incendios forestais. Non se poderán realizar plantacións de eucalipto nas bandas de protección dos cursos fluviais, nin tampouco en zonas con pendente superior ao 40%. Tamén se desaconsellan as plantacións de piñeiros nestas bandas.
- Respetaranse as distancias mínimas establecidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, e se tomarán as medidas necesarias para manter as faixas de especial protección. Aproveitarase o proceso de concentración para deseñar e executar, na medida do posible, as ditas faixas, especialmente no referente ao núcleo rural principal e na banda de 50 metros arredor das primeiras fincas destinadas a uso agrario.

Non se poderán realizar repoboacións forestais en solo urbano e núcleos rurais, nin en zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pasteiros, con independencia da súa cualificación urbanística. Só se poderán realizar repoboacións con frondosas autóctonas en zonas agrícolas cando estean contempladas nun plan de ordenación de cultivos e forestal, sempre e cando non interfiran no desenvolvemento agrario da zona.

- Levaranse a cabo boas prácticas forestais que incluírán, sen prexuízo doutras, as seguintes:
  - Promoveranse as masas mixtas de frondosas autóctonas ou, cando menos, a aparición de frondosas acompañantes á especie principal.
  - As especies arbóreas empregadas deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá identificada a súa procedencia, utilizando material selecto sempre que sexa posible. Levarase a cabo unha vixilancia do adecuado desenvolvemento das plantacións efectuadas.
  - Recoméndase que as superficies forestais incluídas no ámbito da concentración contén cun instrumento de xestión que cumpra coa lexislación vixente.
  - Durante as cortas evitanse danos nas frondosas autóctonas que non sexan obxecto de aproveitamento. Ao remate da corta procederase á limpeza dos residuos forestais.
  - Fomentarase a función recreativa e social das zonas forestais máis próximas aos núcleos rurais.
  - Procuraranse evitar as queimas controladas.
  - Minimizaranse os impactos paisaxísticos racionalizando as superficies de corta e deixando pequenos rodais maduros que interrompan a uniformidade da tala.

2. Dado que parte dos terreos que se pretenden concentrar se atopa no interior dos montes veciñais en man común "Balouta" (propiedade da comunidade de San Xián de Laiño) e "Fontecova" (propiedade da comunidade de Santa María de Dodro), teranse en conta as seguintes condicións:

- Como consecuencia do proceso de concentración mellorarase a definición dos lindes dos montes afectados, mediante a eliminación de encravados ou de saíntes no perímetro exterior dos montes.
- A produtividade forestal e a superficie dos terreos adquiridos polas comunidades veciñais propietarias como consecuencia da concentración deberá ser como mínimo igual a dos terreos que se vexan na obriga de ceder.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA. - Para facer constar que a presente fotocopia é unha copia fiel e exacta do seu orixinal  
Santiago, 20 de maio de 2010



### 9.1.3. *Coordinación coas figuras de planeamento urbanístico.*

Velarase pola protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos de interese local e a compatibilidade do proceso de concentración parcelaria, en especial do plan forestal e/ou de cultivos, coas figuras do planeamento vixentes do concello. O Concello de Dodro, a través do seu representante na Xunta Local de Concentración Parcelaria (de acordo co establecido no *Título II: Normas Orgánicas* da Lei de Concentración Parcelaria) velará polo cumprimento desta condición.

## 9.2.- Fases de obras e de explotación

### 9.2.1. *Límites da zona de concentración parcelaria.*

Levarase a cabo un control topográfico dos límites da zona de concentración, dos predios de substitución e da traza dos camiños de concentración, que se axustarán ao contido dos documentos aos que se fai referencia no punto 10.1 da DIA, evitando afeccións fóra destes límites.

### 9.2.2. *Servizos e servidumes.*

Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando durante a fase de execución os servizos e servidumes de pasó que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo. De acordo coa Lei de Concentración Parcelaria, as fincas resultantes terán acceso directo a algunha vía existente ou de nova creación.

### 9.2.3. *Deterioro de infraestruturas, instalacións ou servizos.*

Se durante o proceso de concentración parcelaria se afectasen estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente non contemplados nos proxectos (incluíndo as posibles modificacións dos proxectos), deberán restituírse ao estado previo ao inicio das obras, sen prexuízo das reclamacións que legalmente os axentes afectados polo deterioro poidan levar a cabo.

### 9.2.4. *Uso sostible do territorio.*

Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostibilidade ambiental no acondicionamento e uso das parcelas asignadas a cada propietario.

Na medida do posible procurarase que a delimitación -se é o caso- das novas parcelas se efectúe mediante a plantación de sebes arboradas ou arbustivas, integradas por especies autóctonas existentes na zona. De non ser factible, atenderase ao sinalado no punto 8.2 da DIA respecto dos muros ou valados de pedra.

O plan de cultivos que se elabore no contexto da concentración parcelaria deberá estar axeitado ás características agrolóxicas da terra, respectando os valores naturais locais identificados no estudo de impacto e nesta Declaración, e procurando un aproveitamento racional e sostible das parcelas. O deseño do plan de cultivos terá en conta os impactos que os cambios de usos de solo poidan ter no territorio, en especial a transformación de terreo forestal en terreo agrícola para evitar modificacións substanciais do balance hídrico da zona que poidan afectar á rede fluvial, dado que ao sur da zona de actuación se atopa o espazo natural protexido "Sistema fluvial Ulla-Deza" con categoría de LIC e ZEPVN.

En todo caso, atenderase ás posibles limitacións ou obrigas legais en canto ao acondicionamento e uso dos predios de substitución, tendo en conta a normativa vixente e o respecto aos elementos e áreas sensibles indicados no punto 3.1.1.



## 10.- PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

### 10.1.- Fase de formulación.

#### *10.1.1. Patrimonio cultural.*

En relación coa protección do patrimonio cultural, remitiranse os seguintes documentos á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, non podendo comezar as obras ata que esta se pronuncie favorablemente sobre a devandita documentación:

- o Previamente ao inicio das obras de cada proxecto de execución que integra a concentración parcelaria (Proxectos de Rede Viaria, de Acondicionamento de Fincas e Proxectos de Obras Complementarias, se os houbese), o promotor remitirá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, para o seu informe, unha avaliación do impacto de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona de concentración, que integren o sinalado no punto 7 desta DIA. Estes documentos deberán estar asinados por técnico competente na materia.

Nas devanditas avaliacións deberase incluír unha ficha individualizada para cada elemento do patrimonio, na que se faga constar: delimitación dos ámbitos de protección e o seu reflexo na fotografía aérea, na cartografía catastral, especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo e proposta de medidas protectoras e correctoras.

- o Terase en conta que unha vez informados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural os documentos aos que se fai referencia no punto anterior, en todo o ámbito do proxecto deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos. Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Como anexo a dito proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

#### *10.1.2. Redacción do programa de vixilancia e seguimento ambiental.*

Redactarase un novo programa de vixilancia e seguimento ambiental que considerará todos os supostos de impactos avanzados no estudo de impacto ambiental, todos aqueles que xurdan ao longo da fase de formulación e todos os controis derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo ao obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

O conxunto de actuacións executables que se integren na documentación, incluíndo aquelas referentes ás actuacións ambientais e sobre o patrimonio cultural, deberán quedar convenientemente reflectidas en planos de escala adecuada e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, que terán o seu reflexo no capítulo de orzamento do Proxecto de Concentración Parcelaria.



Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta Declaración, deberá designarse un responsable do control do cumprimento da mesma.
- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán vir asinados por un técnico da dita entidade.
- Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais (admisible, de alerta e inadmisible) que se vaian empregar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, comunicarao a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- No programa de vixilancia e seguimento ambiental a redactar incluírase un "*Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estructuras de Drenaxe*", que contemplará as seguintes actuacións:

- Plan de control da calidade das augas dos cursos fluviais afectados polas obras, aplicable tanto á fase de execución das mesmas, como á posterior a estas ata o momento en que se constate ausencia de afeccións. Seleccionaranse puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo de cada unha das zonas afectadas. Consideraranse, como mínimo, os seguintes parámetros: pH, temperatura, sólidos en suspensión, osíxeno disolto, condutividade e presenza de aceites e hidrocarburos.

Terase en conta que previamente ao inicio das obras deberá levarse a cabo unha campaña preoperacional co obxecto de dispoñer dun branco para comparación cos posteriores resultados das analíticas. Os resultados da dita campaña incorporaranse aos informes do programa de vixilancia ambiental.

- Labores de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto na fase de obras como na de explotación, tendo en conta a condición 4.3.

### 10.1.3. Órganos a informar e documentación a remitir.

Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural remitirá a esta Secretaría Xeral, para a súa avaliación, o Proxecto de Rede de Camiños e Obras Inherentes, o Proxecto de Acondicionamento e o Proxecto de Obras Complementarias (se o houberse). Nos proxectos remitidos se recollerá unha análise das alternativas estudadas ao respecto, e conterá un anexo específico no que se documente a adecuada inclusión das medidas protectoras correctoras e/ou compensatorias propostas no EIA así como todas as cuestións derivadas do cumprimento das condicións desta Declaración, incluíndo o proxecto de integración paisaxística e programa de vixilancia ambiental. No caso de que a execución das obras se divida en fases, os proxectos presentados poderán presentarse de forma que contemplen o total das obras ou que contemplen as obras realizadas en cada fase (un proxecto por fase).

XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
 Santiago, 20 de outubro de 2010





## 10.2.- Fase de obras e informe final de obras

### **10.2.1. Programa de Vixilancia Ambiental.**

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se fai referencia ao longo desta DIA e, como órgano substantivo, estará ao disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos.

Durante a fase de replanteo das novas fincas e colocación dos marcos non será necesario a realización de ningún informe de vixilancia e seguimento ambiental.

Durante a fase de execución de obras elaboraranse os seguintes informes de seguimento, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

#### a) Semestralmente:

- o Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- o Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA, incluíndo os resultados dos plans de control da calidade das augas e do funcionamento da rede de drenaxe e mantemento do réxime hidrolóxico, control da presenza de parellas reprodutoras de avifauna de interese en función do exposto no punto 6.2, actuacións para a preservación dos elementos e áreas sensibles indicados nos puntos 3.1.1 e 6.1.1, etc.

Nesta memoria detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra e sobrantes de terra, etc. En conxunto, o informe reflectirá o cumprimento da Declaración en relación a todos os aspectos contemplados nela.

- o Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados nos citados puntos 3.1.1 e 6.1.1 da DIA. Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

#### b) Antes da emisión da acta de recepción de obra:

- o Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo en cumprimento do sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA.
- o Descrición detallada do estado final das obras realizadas, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e aos labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.

Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona e demais formacións e áreas de interese sinaladas nos puntos 3.1.1 e 6.1.1 da DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.



- o Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se refire esta DIA se detectasen impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural propoñerá as medidas correctoras precisas para emendalas. De poñerse de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2010

O SECRETARIO XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

de Benito Basanta

**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
 DILIXENCIA. - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 20 SET. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



ANEXO I

**DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN E DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA**

**1.- DESCRIPCIÓN DO PROCESO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA.**

O proceso de concentración parcelaria consta de tres partes ben diferenciadas (Plan de Concentración, Plan de Obras e Plan de Acondicionamento), que interactúan co medio de moi diferentes xeitos e en distinto grado, se ben todos eles se atopan intimamente ligados.

A continuación preséntanse, en forma de cadro, as diferentes etapas de cada un dos proxectos de concentración:

		ESTUDOS PREVIOS	EXECUCIÓN	EXPLOTACIÓN
Proceso de concentración	Plan de Concentración	Bases Provisionais	Replanteo de fincas de substitución	Posta en explotación das fincas de substitución
		Bases Definitivas		
		Proxecto de Concentración		
		Acordo de Concentración		
	Plan de Obras	Proxecto de Rede de Camiños	Construción da rede viaria	Utilización da rede viaria
	Plan de Acondicionamento de Fincas	Proxecto de Acondicionamento de Fincas	Execución das obras de acondicionamento de fincas	

As actuacións que conlevan un maior risco de operacións de maquinaria e de deterioro de elementos ambientais son o acondicionamento de fincas e o plan de obras.

**2.- DESCRIPCIÓN DA ZONA A CONCENTRAR.**

**2.1.- Localización.**

A Zona de Concentración Parcelaria de Dodro – Laiño II en Dodro (A Coruña), obxecto do estudo de impacto ambiental, ocupa a metade leste do termo municipal de Dodro (comarca do Sar), situada ao norte do río Ulla, no límite provincial entre A Coruña e Pontevedra. As parroquias afectadas son San Xián de Laiño e Santa María de Dodro. O perímetro da zona a concentrar comprende unha superficie dunhas 457 ha.

Os límites da zona de actuación son os seguintes:

- Norte: Parroquias de Buxán, Rois e Oín (Concello de Rois) e Parroquia de Padrón (Concello de Padrón).
- Sur: Tralo río Ulla atópanse as Parroquias de Campaña e Louro (Concello de Valga - Pontevedra).
- Leste: Tralo río Sar atópase a parroquia de Iria Flavia (Concello de Padrón).
- Oeste: San Xoán de Laiño (Concello de Dodro).

A totalidade do perímetro de concentración atópase na vertente norte da cunca do río Ulla, que pecha a zona polo sur. De norte a sur, os regos de Vigo e Manselle atravesan a zona, confluindo co Ulla ao sur da zona en estudo.

XUNTA DE GALICIA  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
 OILIVENCIA. Para facer constar que a presente fotocopia  
 concorda co orixinal.  
 Santiago, 20 SET. 2008

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
 PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
 LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido



Existen 20 núcleos de poboación na zona, sendo o principal o lugar de Lestrobe, situado ao leste da mesma. Os restantes, de menor entidade, atópanse dispersos por toda a zona, destacando o lugar de Revixós, situado ao sueste.

## 2.2.- Clima.

Dodro atópase baixo a influencia dun clima cun réxime ombrotérmico hiperhúmido - temperado (Atlas Climático de Galicia), caracterizado por unha temperatura media anual de 13,4 °C e unhas precipitacións de 2.117 mm. Atendendo á clasificación agroclimática de J. Papadakis, o tipo climático da totalidade do concello de Dodro defínese como "Marítimo cálido".

## 2.3.- Orografía.

A superficie da zona a estudo atópase encadrada na cunca do río Ulla, que discorre polo límite sur da zona, recollendo as augas do río Sar, límite leste, e os regos de Vigo, Manselle e Imo que atravesan o norte e o centro da mesma. Este feito marca o relevo da área en estudo, conferíndolle un carácter accidentado, con pendentes ácusadas en toda a superficie.

A pendente media da zona a estudo é de arredor do 28%, estando comprendida maioritariamente (un 77% da superficie total) entre o 12 e o 50%, o que explica que o principal aproveitamento sexa o forestal. A superficie con aptitude agrícola redúcese o 4%.

## 2.4.- Hidroloxía.

A rede fluvial da zona pertence á cunca do río Ulla. En sentido norte a sur, discorren os regos de Vigo e Manselle, que conflúen co río Ulla no límite sur do concello de Dodro. A totalidade da zona en estudo verte directamente ao río Ulla.

## 2.5.- Vexetación.

Segundo a división corolóxica de Rivas Martínez (1987), a zona de estudo queda incluída dentro da rexión Eurosiberiana.

A superficie a concentrar está dedicada maiormente (un 87%) a aproveitamento forestal (principalmente eucalipto e piñeiro) e un 6 % a diversos aproveitamentos agrícolas. O resto da superficie repártese entre zonas de vexetación ripícola, pequenas masas de carballos, núcleos rurais, zonas de protección arqueolóxica, etc.

## 2.6.- Fauna.

As características da zona obxecto de estudo correspóndense coas da rexión zoogeográfica Eurosiberiana.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente fotocopia  
é reprodución fiel e exacta de seu orixinal

Santiago, 20 SET. 2010

Asda.: Alberto Rodríguez Garrido



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental


San Lázaro s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XACOBEO 2010  
Galicia

ANEXO II

CROQUIS DA ZONA DE ACTUACIÓN



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL  
DIXI LIXI NCIA. - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exata de seu orixinal

Santiago, 20 SET. 2010

Asdo.: Alberto Rodríguez Garrido

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA Z.C.P. DE DODRO-LAIÑO II.  
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.  
LOCALIZACIÓN: CONCELLO DE DODRO (A CORUÑA).